

RENDA ANUAL **PER CÁPITA** DA UNIDADE FAMILIAR
ADMISIÓN ANO 2020 (presentación de **Renda do ano 2018**)
Táboa para cubrir adecuadamente o apartado correspondente do baremo
IPREM: 6.454,03 €

INGRESOS PER CÁPITA	€ PER CÁPITA	PUNTOS
Inferior a 0,5 veces o IPREM	3.227,01 € ou menos	3
Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM	Entre 3.227,02 e 4.840,52 € (incl.)	2
Igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM	Entre 4.840,53 e 6.454,02 € (incl.)	1
Igual ou superior ao IPREM	6.454,03 € ou máis	0

Instrución da Dirección xeral de Centros: "constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2018; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2020.

ORDE do 12 de marzo de 2013, modificada por *ORDE do 25 de xaneiro de 2017* (Artigo 23):

2. Para os efectos desta orde, considérase que a unidade familiar está **integrada polos cónxuxes non separados** legalmente **ou parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parellas** de Feito de Galicia e, se os houber, por:

a) **As fillas e fillos menores de idade**, con excepción das/dos menores que, con consentimento das/dos nais/pais ou titoras/es, vivan independentemente.

b) **As fillas e fillos maiores de idade incapacitadas/os.**

3. **Nos casos de nulidade, separación ou divorcio**, entenderase por unidade familiar a formada pola **nai ou pai e todas/os as/os fillas/os que residan habitualmente cun ou outro**, que reúnan os requisitos subliñados no punto anterior. Nos casos de custodia compartida, entenderase como renda da unidade familiar a das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitude.

4. **Para a valoración da renda da unidade familiar, as persoas interesadas deberán sinalar na solicitude a cantidade que resulte da suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro na declaración da renda conxunta, ou se é o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar, dividida entre o número de membros computables desta.**